

VACINA ANTIMENINGOCÓCICA B: INDICACIÓNS

Acaba de publicarse unha actualización coas recomendacións de emprego da vacina antimeningocócica B [[ligazón](#)].

Engádesse como factor de risco para padecer unha enfermidade meningocócica (EM) e, polo tanto, ten recomendada a vacina, os transplantes de proxenitores hematopoiéticos e amplíase as recomendacións aos pacientes con calquera deficiencia do complemento.

O resto das indicacións seguen igual: asplenia anatómica ou disfunción esplénica grave (anemia de células falciformes) ou ter programada unha esplenectomía; ter padecido un episodio de EM; traballar nun laboratorio (de técnico ou microbiólogo) con mostras que poidan conter a *N. meningitidis*; e recibir ou ir recibir eculizumab.

Nos casos illados de EM por serogrupo B, non se recomenda a vacina aos contactos estreitos (que si recibirían quimioprofilaxe) porque a vacina precisa dun tempo mínimo para inducir protección.

Un caso particular se produce cando unha segunda persoa dunha mesma familia padece un episodio de EM, que suxire un aumento de susceptibilidade dos membros da familia, polo que, xunto coa quimioprofilaxe, aos familiares tamén se lles recomendará a vacina antimeningocócica B.

Dúas situacións que poden xerar algo de dúbida sobre a indicación ou non da administración da vacina antimeningocócica B son cando ocorra un agregado de casos ou un abrocho. Cando ocorra un agregado (isto é, 2 ou máis casos do mesmo serogrupo, ao longo dun mes, en persoas relacionadas entre si) recomendarase a vacina sempre que, polo menos, un caso sexa confirmado.

Nos casos en que ocorra un abrocho (isto é, 3 ou máis casos do mesmo serogrupo e subtipo, ao longo de 3 ou menos meses, en persoas non relacionadas nun ámbito comunitario definido) recomendarase a vacina segundo as indicacións da Dirección Xeral de Saúde Pública [[ligazón](#)].

SUBSTITUCIÓN DA VACINA BIVALENTE POLA NONVALENTE FRONTE O VPH

Dende o 22 de xullo, para a vacinación fronte o virus do papiloma humano (VPH) o Programa Galego de Vacinacións emprega a vacina nonavalente, que substitúe á que se viña empregando, a bivalente [[ligazón](#)].

Esta vacina bivalente en Galicia amosou, fronte os xenotipos cubertos por ela (VPH 16 e 18), unha moi elevada efectividade directa (do 94%, cun IC_{95%}: 73-99%), e claros indicios de efectividade indirecta, que indica que tamén protexeu ás mulleres non vacinadas [[BEG](#)].

Ademais, a vacinación coa vacina bivalente amosou tamén unha importante efectividade directa (83%, IC_{95%}: 48-94%) fronte a xenotipos non cubertos pola vacina (VPH 31, 33 e 45), debido a unha protección cruzada que xa se insinuaba nos ensaios da vacina [[BEG](#)].

A vacina nonavalente protexe fronte os cinco xenotipos que a bivalente cubre de xeito explícito ou por protección cruzada, e fronte dous máis de alto risco oncoxénico, VPH 52 e 58.

Os VPH de alto risco oncoxénico son a causa da práctica totalidade de casos de cancro de colo uterino e distintas fraccións dos cancros de vaxina, vulva, pene, ano, cavidade oral e farinx. En concreto, e no que atinxe ao de cérvix, os VPH 16 e 18 son responsables do 70% dos casos, e os outros cinco xenotipos da vacina nonavalente dun 10% adicional.

Os outros xenotipos desta vacina, VPH 6 e 11, non se consideran causa de cancro pero o son da práctica totalidade dos condilomas acuminados (véxase o vindeiro *Venres*).

Nota. IC_{95%}: Intervalo de confianza do 95%

NOVAS INDICACIÓNS DA VACINA FRONTE O VPH

A vacina do VPH, ademais de formar parte do calendario de vacinación infantil, e de recomendarse, segundo recolle o calendario de vacinación do adulto [[ligazón](#)] nas mulleres que tiveran un resultado positivo de infección por tipos virais oncoxénicos ou que fosen incluídas en programas para realizar proceso excisional de colo uterino, ou que xa o sufrisen nos seis meses anteriores, por CIN2+ ou

adenocarcinoma in situ, amplía as súas recomendacións a: homes ou mulleres de ata 45 anos VIH positivos; homes ou mulleres de ata 45 anos en situación de prostitución; homes, de ata 45 anos, que teñan sexo con homes; homes e mulleres con síndrome de WHIM; e mulleres de ata 45 anos con transplante de órgano sólido ou de proxenitores hematopoiéticos [[ligazón](#)].

PROGRAMA GALEGO DE VACINACIÓN: NOVAS PUBLICACIÓNS

Vense de publicar na web de Saúde Pública un documento que recolle as indicacións da vacinación nos grupos de risco de todas as idades e en determinadas situacións [[ligazón](#)], do que se dará conta en sucesivos números de Venres.

Ademais, publicouse outro documento, que se pode consultar na seguinte [[ligazón](#)], no que se recolle as recomendacións a seguir ante un calendario acelerado de vacinación.